




Reclamante: 


Expediente. Nº **RSCTG 72/2017**



ASUNTO: Acordo da Comisión da Transparencia de Galicia sobre a reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

En resposta á reclamación presentada por  mediante escrito do 7 de xullo de 2017 á Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta o seguinte acordo:

ANTECEDENTES

Primeiro.  presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno* (CTBG) o 2-7-17, unha reclamación na que sinala que a Mancomunidade Santa Águeda (Ourense) non respondeu á súa solicitude de información. O *consejo* remitiu ao Valedor do Pobo a reclamación.

A reclamación menciona que a solicitude se facía en base, entre outras normas, á lei 19/2013, e resalta a súa condición de interesado.

A solicitude de información é de 17-3-17 e consistiu no seguinte: 1º- ... *certificación referida a la fecha de la finalización del desempeño de la función de secretario de la mancomunidad Santa Águeda por el firmante... así como sobre el desempeño, si fuere el caso, de alguna otra función en fechas posteriores al 1/04/2015.* 2º- ... *copia de la resolución o acuerdo, posterior al 1/04/2015, mediante lo que se decide modificar el sistema rotatorio establecido para lo desempeño de las funciones de secretaria e intervención de la mancomunidad...* 3º- ...*copia de la resolución o acuerdo de algún órgano de la mancomunidad Santa Águeda, mediante el que se presentó recurso ... contra la Resolución del 14/12/2015, de la Dirección General de Administración Local, por la que se crea y se clasifica un puesto de trabajo reservado a*

funcionarios/las con habilitación de carácter nacional en la Mancomunidad de Ayuntamientos Santa Águeda (DOG núm. 12 del 20/01/2016), o mediante el que se le solicita a la Xunta de Galicia la exención del deber de mantenimiento de las plazas de secretaría y de intervención, en aplicación de lo establecido en el artículo 18 de los vigentes estatutos y en el artículo 4.2. del 1732/1994 antes citado, haciendo constar si, en el periodo en que esto era jurídicamente posible ... el firmante desempeñaba algún tipo de función en la mancomunidad. 4º- ... copia de la resolución dictada o acuerdo adoptado por algún órgano de la mancomunidad, referidos a las alegaciones formuladas a la convocatoria del concurso de habilitados de carácter nacional, convocado en el año 2016, que incluye una plaza de habilitado de carácter nacional de la mancomunidad.

Segundo. O 10-7-17 déuselle traslado da documentación achegada polo interesado á mancomunidade para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegara informe e copia completa e ordenada do expediente. Non se recibiu. Transcorrido o prazo para iso continúaase o curso do procedemento sen ambas cousas.

Terceiro. O 10-7-17 requiriuse ao recorrente que acreditara a autenticidade da súa vontade, o que fixo, con entrada o 19-7-17, aportando o seu DNI.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

A lexislación aplicable a este procedemento ven configurada pola lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (estatal), e pola Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, xunto coa lexislación básica en materia de procedemento administrativo.

O art. 24 da lei 19/2013, do 9 de decembro, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no art. 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O art. 28 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública poderá interpoñerse unha reclamación perante o Valedor do Pobo. O art. 33 da mesma lei indica que corresponde á Comisión da Transparencia (órgano colexiado) a resolución das reclamacións fronte ás resolucións de acceso á información pública que establece o seu art. 28. A disposición adicional quinta da lei establece que corresponderá resolver esas reclamacións, no suposto de resolucións ditadas

polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que adscíbese a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente.

Segundo. Procedemento aplicable

O art. 28.3 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, preceptúa que o procedemento se axustará ao previsto nos números 2, 3, e 4 do art. 24 da lei 19/2013, de 9 de decembro. Esta lei identifícaa como unha reclamación con carácter potestativo e previa á impugnación en vía contencioso-administrativa. Se axustará na súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A lei 1/2016, de 18 de xaneiro, recoñece no seu art. 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida como *“os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións”*; é a mesma definición da información pública que se contén no art. 13 da Lei 19/2013, de 9 de decembro.

Tanto o concepto de información pública como o dereito de acceso á mesma se configuran de forma ampla na normativa autonómica e estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas e o solicitante non está obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, de 18 de xaneiro).

A lei 19/2013, de 9 de decembro, ten por obxecto *“ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública”* e *“regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade”* (art. 1). No seu preámbulo sinala que *“a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política. Só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións poderemos falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos”*.

A Lei galega 1/2016, de 18 de xaneiro, sinala na súa Exposición de Motivos que *“a crecente exixencia cidadá de control público da actuación das administracións”* aconsella a aprobación do texto, e resalta a superación dos anteriores estándares (*“avanzar nos pasos dados pola lexislación previa e de os superar”*), o que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo

O art. 24.2 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, establece que a reclamación se interporá no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado. Non se deu resposta expresa no prazo para resolver e antes do recurso, polo que a reclamación

contra o acto presunto (desestimación por silencio negativo, art. 27.5 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro) debe considerarse en prazo.

Quinto. Análise xeral

O recorrente solicitou unha certificación sobre a finalización das súas funcións como secretario e outras na mancomunidade, e copias dos actos de modificación do sistema rotatorio para da secretaría e intervención da mancomunidade, do acto de interposición do recurso contra a resolución da Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia pola que se crea e clasifica un posto de funcionario con habilitación nacional na mancomunidade ou no que solicita á xunta a exención do deber de mantemento das prazas de secretaría e intervención, e das alegacións á convocatoria do concurso de habilitados de 2016 no que inclúe a praza de habilitado da mancomunidade.

Co exame do aportado deducimos que o reclamante non promoveu de forma expresa e clara un recurso ante a resolución presunta (desestimación por silencio negativo, art. 27.5 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro). Porén, reclamou a información en base á normativa de transparencia e posteriormente sinala que denuncia a falta de resposta á solicitude de información, o que dirixe ao CTBG (Administración Xeral do Estatal) para que o dirixa ao Valedor do Pobo, o que debe interpretarse no senso de que a súa intención é impugnar a denegación presunta da información solicitada (o CTBG e o Consello da Transparencia, adscrito ao valedor, coñecen os recursos indicados no fundamento 1º).

Algúns das informacións reclamadas encaixan no concepto de información pública do art. 13 da Lei 19/2013, de 9 de decembro: o acto de modificación do sistema rotatorio para as funcións dos dous funcionarios da mancomunidade, o recurso contra a resolución pola que se crea e clasifica un posto de funcionario nacional, e as alegacións formuladas á convocatoria de concurso que inclúe a praza da mancomunidade. Non parece entrar nese concepto a petición da certificación sobre o desempeño (finalización) das funcións como secretario (e outras) do reclamante, aínda que en calquera caso debería proporcionarse como mera información (sen prexuízo da confección do certificado, obxecto do correspondente procedemento específico).

Polo ámbito material da información solicitada e tamén a falta de alegacións en contra do acceso (xustificación e ponderación) por parte da mancomunidade deducimos que non resulta afectado ningún límite legal ao dereito de acceso á información pública e que ese acceso resulta de interese, de acordo co art. 14.2 da Lei 19/2013, de 9 de decembro. Por tanto, a información debera entregarse nos termos indicados, sen prexuízo de dissociar os datos que corresponda, en aplicación da normativa de transparencia.

En conclusión, a Comisión da Transparencia

ACORDA

En atención aos anteriores antecedentes e fundamentos xurídicos procede

Primeiro: Estimar a reclamación presentada por [REDACTED] contra a denegación presunta da súa solicitude dirixida á Mancomunidade Santa Águeda.

Segundo: Instar á mancomunidade a que no prazo máximo de 15 días hábiles responda á petición, proporcione a información solicitada (sen prexuízo das disociacións debidamente motivadas que procedan), e remita a esta Comisión da Transparencia copia do envío da información.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, unicamente cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 20 de decembro de 2017

A presidenta da Comisión da Transparencia

Milagros María Otero Parga
Valedora do Pobo